

CUÑADOS

Toño López, 2021

1275

ESTREA EN NUMAX: 17.04.2024 | V.O. | +7 | 89 min

Eduardo (Miguel de Lira) e o seu cuñado Sabonis (Xosé A. Touriñán) acaban de meter a pata nun dos seus negocios e necesitan diñeiro. Moito diñeiro. Será Sabonis quen atope a solución ao problema secuestrando a Modesto (Federico Pérez Rey), cuñado de Alicia Zamora, a empresaria que lles enganou e deixou tirados. Só hai un pequeno problema: Alicia non pensa pagar nin un euro polo seu cuñado. Con todo, é o propio Modesto quen urde un novo plan co que Eduardo e Sabonis poderán salvar a adegas familiar. Estes tres cuñados téñeno todo para fracasar, pero como diría Sabonis, malo será.

«Un traballo colectivo dunha solidez envexable no que todos os apartados suman. Podería entrocarse coas comedias británicas da Ealing»

Javier Ocaña, EL PAÍS



Secuestro ás tres

Por José Antonio Pérez Guevara

Que pode fallar a tres tipos desesperados metidos a criminais por pura necesidade? A Eduardo complicóuselle un tema burocrático e o azar quixo que un incendio provocase que o seguro lle reclame unha cantidade de diñeiro que non ten. Eduardo, desesperado, pídelles axuda ao seu cuñado Sabonis, antiga estrela do C. B. Ourense de baloncesto. Agora, un pai inxenuo e irresponsable, cun matrimonio en crise. Ambos, deciden que a mellor forma de saír do agravio é secuestrar o cuñado vividor de Alicia Zamora, metida en negocios turbios, un tal Modesto. A cousa sae mal como podía esperarse e irase complicando a cada paso que dan. Araceli Gonda e Toño López (Ourense, 1971) ao guión e dirección respectivamente, unen novamente as súas forzas para crear unha comedia disparatadísima que ten o mellor aroma de películas como *Rufufú* (1958), de Mario Monicelli, *Historias de la radio* (1955), de Sáenz de Heredia, *Atraco a las tres* (1962), de José María Forqué e *Entre pillos anda o xogo* (1983) de John Landis, cinema sobre desesperados que cren que cometer un delito será a solución dos seus problemas de diñeiro.

Unha comedia desta índole, e con esta textura e chea de axitación constante e movementos, onde o diálogo e o gag van marcando o tempo e a tensión, non pode funcionar sen o inmenso e estupendo labor dun terceto protagonista que brilla con soltura, comicidade e transparencia como Miguel de Lira, Xosé A. Touriñán e Federico Pérez Rey.

O resultado é unha comedia intelixente, brillante e magnífica cun pouco de todo: diñeiro polo medio, enganos, familia, viño, amor, desesperación, malentendidos, encontros inesperados, e como non, baloncesto e a fase de ascenso á ACB coa máximo rivalidade entre o Ourense e o Breogán. Porque os tres pillabáns teñen enfronte as mulleres, as cuñadas, interpretadas polas magníficas Iolanda Muiños, María Vázquez e Eva Fernández. A de Eduardo é Cuca, a que rexenta o herdado negocio familiar de viños de alta calidade, o “Fillas do Ribeiro”, namoradísima do seu marido. Logo, está Peque, nai de dúas nenas e esposa de Sabonis, que está máis por separarse que continuar cun paspán semellante. E finalmente, para rizar máis o rizo, atopámonos a Mati a cuñada solteira e de carácter, que ademais é policía, así que a lea familiar, social e criminal está máis que asegurada.

Toño López, que tivera grandes éxitos na televisión de Galicia con thrillers como *Auga seca* (2020), debuta no cinema cunha comedia tola, con aroma clásico, que sería un cruzamento imposible entre *O quinteto da morte* (1955), de Alexander Mackendrick, *Fargo* (1996), dos irmáns Coen, e *La vaquilla* (1984) de Luis García Berlanga, pero en Galicia, en galego e de agora. Un coctel molotov, non, pero si a piques de estoupar sen remedio.